
Taxas de paro en Galicia e España 2008-14: distribución segundo grupos de idade

	menores de 25 anos							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	14/08
								(en puntos porcentuais)
Galicia	21,05	30,4	35,4	37,7	45,2	49,9	48,5	27,5
España	24,45	37,7	41,5	46,2	52,9	55,5	53,2	28,8
	de 16 a 19 anos							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	14/08
Galicia	31,26	42,5	48,5	48,5	55,5	64,8	68,2	36,9
España	39,38	55,2	61,3	64,0	72,6	74,0	68,6	29,3
	de 20 a 24 anos							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	14/08
Galicia	18,62	27,8	32,5	35,5	43,5	48,1	45,8	27,2
España	20,16	33,3	36,9	42,3	48,9	51,8	50,3	30,2
	maiores de 25 anos							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	14/08
Galicia	7,48	10,9	13,8	15,8	18,9	20,4	20,1	12,6
España	9,70	15,7	17,8	19,2	22,4	23,8	22,3	12,6
	de 25 a 54 anos							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	14/08
Galicia	7,80	11,5	14,6	16,8	20,0	21,3	21,0	13,2
España	10,07	16,3	18,4	19,9	23,3	24,5	22,8	12,7
	de 55 e máis anos							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	14/08
Galicia	5,59	7,2	9,1	10,6	12,7	15,1	15,2	9,6
España	7,06	11,5	13,5	14,4	17,3	19,4	19,3	12,3

Fonte: INE-IGE, *EPA*

2.1.17.


Taxas de paro 2010-14: distribución segundo nivel formativo



Fonte: IGE, *EPA*

2.1.18.

Taxas de paro en Galicia e España 2009-13: distribución segundo nacionalidade



Fonte: INE, *EPA*

2.1.19.

situarse en 34,9% no ano 2014 (aumenta 17 puntos de media en España) en tanto que no caso das persoas de nacionalidade española esta medra é de 12,6 puntos, tres décimas menos que no Estado, ascendendo a taxa de paro ata o 21%.

A análise dos niveis de poboación parada estimada a nivel provincial reflicte que no ano 2014 redúcese o paro estimado nas catro provincias galegas, rexistrándose o maior descenso, tanto en termos porcentuais como absolutos, na provincia de Ourense, con 4.400 persoas paradas menos que no ano 2013 (4,4% menos). A pesar da redución de 1.700 persoas no último ano, Pontevedra segue a ser a provincia con maior número de parados (110.500) seguida de A Coruña (107.500).

Datos rexistrados nas oficinas de emprego

O paro rexistrado nas oficinas de emprego de Galicia, tal como acontece co paro estimado pola EPA, experimenta no ano 2014 un descenso, por primeira vez dende o ano 2007. No ano 2014 o paro rexistrado en Galicia diminúe un 6,9% en relación ao ano anterior, porcentaxe superior ao descenso medio estatal (5,6%).

O número de persoas paradas rexistradas baixou de media en Galicia ao longo do ano 2014 en torno ás 19.000 persoas, fronte a un incremento superior ás cinco mil persoas en 2013. En total, no último ano estaban rexistradas 257.000 persoas, o 5,6% do paro rexistrado de media en España.

Os datos mensuais do paro rexistrado, recollidos no **cadro 2.1.20.**, reflicten unha baixada continúa do paro rexistrado nos oito primeiros meses do ano, e un aumento nos catro últimos meses. En termos de taxas de variación interanual, o **cadro 2.1.21.** mostra unha redución do paro rexistrado en todos os meses do ano, sendo máis acusada no segundo semestre.

Ao igual que acontece para o conxunto da Comunidade Autónoma, o paro rexistrado nas catro provincias galegas baixa en relación ao ano anterior, sendo A Coruña a provincia que máis reduce en termos absolutos o volume de paro rexistrado (8.177 parados rexistrados menos), e correspondendo á provincia de Lugo o maior descenso en termos de taxa interanual (–8,2%).

A análise sectorial reflicte un descenso do paro rexistrado en todos os sectores de ac-

Paro rexistrado en Galicia e España 2008-14 (1)


	Galicia	España	Galicia /España	Galicia	España
	(en miles de persoas)		*(%)*	*(% de variación interanual)*	
2008	162,5	2.539,9	6,40	7,9	24,6
2009	206,2	3.644,0	5,66	26,9	43,5
2010	226,2	4.060,8	5,57	9,7	11,4
2011	241,3	4.257,2	5,67	6,7	4,8
2012	270,5	4.720,4	5,73	12,1	10,9
2013	276,0	4.845,3	5,70	2,0	2,6
2014	257,0	4.575,9	5,62	-6,9	-5,6
xaneiro	281,1	4.814,4	5,84	-3,3	-3,3
febreiro	280,1	4.812,5	5,82	-4,4	-4,5
marzo	276,5	4.795,9	5,76	-5,1	-4,8
abril	270,1	4.684,3	5,77	-7,0	-6,1
maio	263,4	4.572,4	5,76	-7,2	-6,5
xuño	252,3	4.449,7	5,67	-7,7	-6,6
xullo	240,3	4.419,9	5,44	-8,0	-5,9
agosto	236,9	4.427,9	5,35	-8,0	-5,8
setembro	238,2	4.447,7	5,36	-8,6	-5,9
outubro	244,0	4.526,8	5,39	-9,0	-5,9
novembro	248,6	4.512,1	5,51	-8,2	-6,2
decembro	251,9	4.447,7	5,66	-7,1	-5,4

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Movimiento laboral registrado*

2.1.20.

Paro rexistrado 2008-14: evolución mensual



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Movimiento laboral registrado*

2.1.21.

Paro rexistrado en Galicia e España 2013 (1): distribución segundo sector de actividade


2014

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
				(en miles de persoas)		
Galicia	256.960	8.844	35.323	35.591	156.255	20.948
A Coruña	100.798	2.533	13.568	15.168	61.604	7.924
Lugo	25.443	1.102	2.450	3.731	16.012	2.148
Ourense	27.898	1.260	3.977	3.753	16.511	2.397
Pontevedra	102.821	3.949	15.327	12.939	62.127	8.479
España	4.575.937	216.802	473.938	582.442	2.919.642	383.114

14/13

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
				(%)		
Galicia	-6,9	-2,0	-9,1	-17,0	-4,0	-6,8
A Coruña	-7,5	-5,2	-9,2	-15,7	-4,9	-7,3
Lugo	-8,2	-3,7	-12,7	-18,5	-5,1	-7,6
Ourense	-6,9	-2,9	-9,1	-15,1	-4,5	-6,7
Pontevedra	-6,0	1,1	-8,5	-18,6	-2,6	-6,1
España	-5,6	7,6	-10,5	-17,3	-3,7	1,7

Taxas de variación do paro rexistrado en Galicia 2008-14: distribución segundo sectores de actividade



(1) medias anuais
Fonte: IGE, *Demandas de emprego e colocacións*; Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Movimiento laboral registrado*

2.1.22.

tividade, destacando o descenso do 17% no paro rexistrado no sector da construción, do 9,1% na industria, do 4% nos servizos e do 2% na agricultura e pesca. Tras esta evolución, o sector servizos acolle un total de 156.255 parados, o 60,8% dos parados rexistrados galegos (63,8% en España), seguíndolle en importancia o sector da construción, con máis de 35 mil parados, o 13,8% (12,7% no conxunto do Estado). O número de parados rexistrados nas actividades industriais están tamén en torno ás 35 mil persoas, o 13,7% do total galego (10,4% en España) e no sector primario 8.800 persoas, o 3,4% (4,7% de media a nivel estatal) (**cadro 2.1.22.**).

En termos de taxas de variación, o sector no

que en Galicia se incrementa máis o paro rexistrado dende o ano 2008 é a construción (80,3%), seguido do sector primario (76%), dos servizos (74%) e da industria (39%). Tan só o sector industrial e o colectivo sen emprego anterior, cun 6,9% de paro rexistrado menos que no ano 2008, presentan unha taxa de variación inferior á media galega (58%).

En termos absolutos, do incremento de máis de 94 mil parados rexistrados experimentado entre 2008 e 2014, case tres cuartas partes (66.348 persoas) pertencen ao sector servizos, o 17% ás actividades da construción (15.855 parados máis), un 11% ao sector industrial (9.970 persoas) e un 4% ás actividades do sector primario (3.819).

Contratación

Seguindo a tendencia do ano anterior, no ano 2014 novamente se incrementa o número total de contratos rexistrados en Galicia un 11,2%, 79.415 contratos máis, acadando un total de 786.193 contratos, o que representa o 4,7% do total estatal. Destas contratacións, 764.116 corresponden a contratos iniciais (o 4,7% dos rexistrados en España) e 22.077, a contratos convertidos en indefinidos (o 5,3% das conversións estatais).

O incremento de contratación no ano 2014 favorece tanto aos contratos de duración indefinida como aos de duración temporal, sen distinción de sexo (**cadro 2.1.23.**). En relación ao ano anterior, o número total de contratos indefinidos increméntase nun 26%, porcentaxe lixeiramente inferior á taxa rexistrada no conxunto do Estado (27,3%), situándose nos 39.712 contratos (18.192 contratos máis), dos que 20.897 foron asinados por homes (4.525 máis que no ano precedente) e os 18.815 contratos restantes (3.667 máis), por mulleres.

Dos 8.107 novos contratos indefinidos ordinarios e de fomento do emprego asinados no ano 2014, 3.620 son asinados por mulleres, e 4.487 por homes. Por grupos de idade, nos existen diferenzas importantes entre homes e mulleres, de xeito que en torno ao 39% dos novos contratos asínanse por persoas entre 30 e 39 anos, tanto no caso de homes como mulleres, e o 19% dos novos contratos indefinidos son asinados por persoas maiores de 45 anos (**cadro 2.1.24.**).

O 79% dos novos contratos indefinidos asinados por homes son a tempo completo, fronte ao 48,5% dos asinados por mulleres. Así mesmo, o 44% dos contratos indefinidos novos asinados por mulleres son a tempo parcial fronte a só o 21,3% dos asinados por homes.

No que respecta á contratación temporal, no último ano rexistráronse un total de 724.404 contratos de duración temporal, dos que 384.961 foron asinados por homes (39.760 contratos máis) e os restantes 339.443, por mulleres (31.657 contratos máis).

No último ano aumentan os contratos iniciais de duración temporal, nun 10,9%, (1,7 puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado), o que implica 71.417 contratos temporais máis que no ano 2013. Tendo en conta os tipos de contratos de duración temporal, obsérvase un importante crecemento dos contratos eventuais segundo circunstancias da produción e dos contratos por obra e servizo (38.292 e 21.481 contratos máis que no ano anterior). Tan só os contratos de substitución por xubilación aos 64 anos descenden en relación ao ano anterior.

Os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os de obra ou servizo seguen sendo os máis numerosos, ao acoller o 45,8% e o 38,3% da contratación temporal total, respectivamente. Tal como

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2014: distribución segundo tipo

	Total	Homes	Mulleres	Galicia/España	14/13	
					Galicia (%)	España
Contratos de duración indefinida	39.712	20.897	18.815	4,2	26,0	27,3
Indefinido ordinario	39.301	20.661	18.640	4,2	26,0	27,4
Indefinido minusválidos	411	236	175	5,7	26,1	18,1
Contratos de duración temporal	724.404	384.961	339.443	4,7	10,9	12,6
Obra ou servizo	277.290	167.735	109.555	4,2	8,4	12,6
Eventual segundo circunstancias da produción	332.063	171.478	160.585	4,8	13,0	13,2
Interinidade	80.523	24.167	56.356	5,5	9,3	8,0
Temporais pers. discapacidade	1.014	584	430	5,5	15,5	12,8
Relevo	1.041	532	509	7,1	40,7	20,4
Xubilación parcial	1.527	1.018	509	6,3	68,0	56,6
C. de sustitución por xubilación aos 64 anos	12	2	10	1,9	-57,1	-11,1
Contrato en prácticas	3.629	1.771	1.858	5,8	32,5	29,2
Contrato para a formación	10.000	4.909	5.091	7,1	19,7	31,8
Outros contratos	17.305	12.765	4.540	17,8	7,4	-2,3
Contratos convertidos en indefinidos	22.077	11.463	10.614	5,3	-0,9	3,7
Total contratos	786.193	417.321	368.872	4,7	11,2	13,1

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.23.

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos 2014: distribución segundo tipo de contrato e grupo de idade

	Total	Homes					Mulleres					Galicia/España
		< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45	< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45	(%)
Contratos de duración indefinida												
Indefinido (bonificado/non bonificado)	39.301	1.815	2.935	7.402	3.035	5.474	1.797	3.094	6.101	2.458	5.190	4,2
Indefinido persoas con discapacidade	411	8	18	72	39	99	8	12	58	29	68	5,7
Contratos de duración temporal												
Obra ou servizo	277.290	19.612	27.322	59.841	22.023	38.937	15.064	19.735	36.469	13.482	24.805	4,2
Eventual segundo circunstancias da produción	332.063	25.666	32.575	63.759	20.328	29.150	28.187	30.387	53.022	18.954	30.035	5,5
Interinidade	80.523	2.688	4.542	9.453	2.947	4.537	5.374	9.597	17.966	8.194	15.225	5,5
Temporais persoas con discapacidade	1.014	24	58	202	98	202	19	48	135	85	143	5,5
Relevo	1.041	24	114	219	77	98	24	80	150	84	171	7,1
Xubilación parcial	1.527					1.018					509	6,3
C. de sustitución por xubilación aos 64 anos	12		1	1				1	6	2	1	1,9
Contrato en prácticas	3.629	866	710	182	6	7	869	770	190	15	14	5,8
Contrato para a formación	10.000	3.143	1.364	127	74	201	3.004	1.732	156	68	131	7,1
Outros contratos	17.305	1.005	1.295	3.310	1.906	5.249	901	929	1.623	403	684	17,8
Contratos convertidos en indefinidos												
Obra ou servizo	5.959	174	509	1.363	440	762	124	488	1.095	362	642	6,2
Eventual segundo circunstancias da produción	14.243	726	1.247	2.778	958	1.496	856	1.534	2.657	876	1.115	5,0
Interinidade	441	14	45	88	18	31	24	64	102	27	28	4,6
Temporais para persoas con discapacidade	184	1	5	35	12	65	0	8	22	12	24	5,4
Relevo	410	4	50	150	31	39	3	22	70	18	23	5,8
C. de sustitución por xubilación aos 64 anos	6	0	1	1	0	1	0	0	2	0	1	4,7
Contrato en prácticas	534	73	136	37	1	4	74	166	38	2	3	5,0
Contrato de relevo	470	5	59	160	42	38	1	29	102	12	22	8,9
Contrato para a formación	229	82	44	2	1	0	53	38	9	0	0	8,1
Outros contratos	11	0	0	2	3	4	0	0	1	0	1	6,1

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.24.

Contratos de traballo de duración temporal 2014

	Total	Contratos de duración ata 6 meses						Contratos de máis de 6 meses	Subtotal	Contratos de duración indeterminada
		Total	<=7 días	7-15 días	15 días-1 mes	1-3 meses	3-6 meses			
Por obra ou servizo det.	277.290	60.596	42.829	2.610	3.171	7.376	4.610	5.060	65.656	211.634
					< 1 mes	1-3 meses	3-6 meses			
Eventuais por cc. produción	332.063	325.687			223.508	65.504	36.675	6.376	332.063	-
			<=7 días	7-15 días	15 días-1 mes	1-3 meses	3-6 meses			
Interinidade	80.523	36.742	14.236	7.690	8.157	4.508	2.151	417	37.159	43.364
Temporais para discapacidade	1.014							1.014	1.014	
			<=7 días	7-15 días	15 días-1 mes	1-3 meses	3-6 meses			
De relevo	1.041	45	7		2	15	21	996	1.041	-
			<=7 días	7-15 días	15 días-1 mes	1-3 meses	3-6 meses			
Xubilación Parcial	1.527	37	17			4	16	1.354	1.391	136
Substitución xub. 64 anos	12							12	12	-
							<=6 meses			
Prácticas	3.629	2.497					2.497	1.132	3.629	-
							<=6 meses			
Formación	10.000	1.769					1.769	8.231	10.000	-
			<=7 días	7-15 días	15 días-1 mes	1-3 meses	3-6 meses			
Outros	17.305	16.211	15.287	24	9	22	869	301	16.512	793
			<=7 días	7-15 días	15 días-1 mes	1-3 meses	3-6 meses			
Total	724.404	443.584	72.376	10.324	234.847	77.429	48.608	24.893	468.477	255.927
% / total	100	61,2	10,0	1,4	32,4	10,7	6,7	3,4	64,7	35,3

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.25.

acontece nas novas contratacións indefinidas, as porcentaxes de homes que asinan contratos de obra ou eventuais a tempo completo son maiores que para o caso das mulleres, e de xeito paralelo, as mulleres asinan máis contratos de obra ou eventuais a tempo parcial.

A consecuencia do peso relativo dos contratos por obra ou servizo determinado, o 35,3% dos contratos temporais (255.927 contratos) teñen unha duración indeterminada. Entre os contratos cunha duración concreta, só unha mínima parte asínanse por máis de seis meses (só 24.893 dun total de 443.584 contratos). A este respecto, e tal como se mostra no **cadro 2.1.26.**, máis da metade dos contratos temporais de duración ata 6 meses son contratos de duración entre 15 días e 1 mes e un 16,3%, de sete ou menos días.

En canto á distribución sectorial dos contratos iniciais no ano 2014, o **cadro 2.1.27.** mostra como setenta e sete de cada cen contratos son asinados polo sector servizos, acollendo a industria o 13,8%, a construción o 6% e o restante 3,3% o sector primario. De xeito máis detallado, o 21% das contratacións pertencen á rama de "Hostalería", con 160.170 contratos, por diante do "comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor ", con 84.762 contratos (o 11,1%); o "Transporte e almacenamento,", con 69.622 contratos (9,1%) e das "actividades administrativas e servizos auxiliares", con 68.153 contratos, o 8,9 % dos totais.

Comparado co total estatal, cómpre salientar o peso relativo da contratación das industrias extractivas, que representan o 9,44% do total estatal, así como do transporte e almacenamento, cun 8,3%, das actividades artísticas, recreativas e de entretemento, cun 8,1%, ou das industrias manufactureiras, cun 7,1%.

Contratos iniciais de traballo 2013-14: distribución segundo sector económic

	Total			Agricultura			Industria		
	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)
Indefinido ordinario (bonif./no bonif.)	31.194	39.301	26,0	3.451	3.784	9,6	2.905	4.135	42,3
Persoas con discapacidade	326	411	26,1	4	11	175,0	28	41	46,4
Obra ou servizo	255.809	277.290	8,4	13.497	15.227	12,8	28.862	46.524	61,2
Eventual circunstancias produción	293.771	332.063	13,0	4.027	4.647	15,4	19.031	43.790	130,1
Interinidade	73.639	80.523	9,3	1.119	979	-12,5	4.303	8.796	104,4
Temporal persoas discapac.	878	1.014	15,5	13	17	30,8	104	132	26,9
Relevo	740	1.041	40,7	4	1	-75,0	335	321	-4,2
Xubilación parcial	909	1.527	68,0	6	3	-50,0	380	582	53,2
Sustitución xubilación 64 anos	28	12	-57,1	-	-	-	2	-	-100,0
Prácticas	2.738	3.629	32,5	9	6	-33,3	400	564	41,0
Formación	8.355	10.000	19,7	142	181	27,5	655	744	13,6
Outros contratos	16.120	17.305	7,4	5	8	60,0	24	28	16,7
Total	684.507	764.116	11,6	22.277	24.864	11,6	57.029	105.657	85,3

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.26.

Contratos de traballo en Galicia e España 2014: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia/ España
		(% / total)		(% / total)	(%)
Sector primario	24.864	3,3	2.678.754	16,4	0,9
Agricultura, gandería, silvicutura e pesca	24.864	3,3	2.678.754	16,4	0,9
Industria	105.657	13,8	1.531.789	9,4	6,9
Industrias extractivas	721	0,1	7.695	0,0	9,4
Industria manufactureira	101.027	13,2	1.431.553	8,8	7,1
Sumnistro enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A.	291	0,0	5.039	0,0	5,8
Sum. agua, act. saneam., xestión de residuos e descontaminación	3.618	0,5	87.502	0,5	4,1
Construción	45.703	6,0	1.059.622	6,5	4,3
Servizos	587.892	76,9	11.042.415	67,7	5,3
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor.	84.762	11,1	1.597.567	9,8	5,3
Transporte e almacenamento	69.622	9,1	836.139	5,1	8,3
Hostalería	160.170	21,0	2.910.445	17,8	5,5
Información e comunicación	15.445	2,0	310.349	1,9	5,0
Actividades financeiras e seguros	4.222	0,6	80.750	0,5	5,2
Actividades inmobiliarias	1.081	0,1	40.762	0,2	2,7
Activ. prof. cient.e tecn.	21.724	2,8	490.020	3,0	4,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	68.153	8,9	1.702.780	10,4	4,0
Admón. publ. def. e sso.	16.852	2,2	448.436	2,7	3,8
Educación	27.833	3,6	515.823	3,2	5,4
Activ. san. e serv. soc.	37.463	4,9	965.922	5,9	3,9
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento.	52.219	6,8	640.997	3,9	8,1
Outros servizos	18.559	2,4	271.392	1,7	6,8
Actividades do fogar	9.773	1,3	226.314	1,4	4,3
Act. de organiz. e organismos extra-territoriais	14	0,0	4.719	0,0	0,3
Total	764.116	100,0	16.312.580	100,0	4,7

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.27.

o

Construcción			Servizos		
2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)
2.801	3.147	12,4	22.037	28.235	28,1
19	20	5,3	275	339	23,3
30.285	31.324	3,4	183.165	184.215	0,6
8.279	9.690	17,0	262.434	273.936	4,4
318	336	5,7	67.899	70.412	3,7
27	47	74,1	734	818	11,4
29	8	-72,4	372	711	91,1
37	37	0,0	486	905	86,2
2	-	-100,0	24	12	-50,0
188	205	9,0	2.141	2.854	33,3
577	758	31,4	6.981	8.317	19,1
91	131	44,0	16.000	17.138	7,1
42.653	45.703	7,2	562.548	587.892	4,5

Atendendo á desagregación sectorial segundo tipo de contrato, no sector servizos destaca polo seu número o contrato eventual por circunstancias da produción. Así, dos 25 mil novos contratos asinados neste sector no ano 2014 en Galicia, 11.500 foron contratos eventuais. O sector no que a contratación indefinida ten un maior peso porcentual é o primario (15,2% do total de contratos), seguido da construción (6,9%); o sector servizos (4,8%) e a industria (3,9%) se sitúan por debaixo da media galega (5,1%).

O número de contratos xestionados a través de empresas de traballo temporal medra novamente no ano 2014. Neste último exercicio, o número total de contratos de posta a disposición asinados polas ETT en Galicia foi de 109.169, o que indica un incremento de 10.358 contratos. A importancia relativa

Empresas de traballo temporal e contratos de posta a disposición nas CC.AA. 2013-14 (1)

	2013		2014		14/13	
	ETTs	contratos	ETTs	contratos	ETTs	contratos
Andalucía	62	214.997	66	273.913	4	58.916
Aragón	30	67.215	30	94.035	0	26.820
Asturias	18	32.070	18	35.702	0	3.632
Baleares	12	15.688	13	18.597	1	2.909
Canarias	21	85.043	21	97.320	0	12.277
Cantabria	14	22.695	14	31.249	0	8.554
Castela - A Mancha	30	62.260	27	76.903	-3	14.643
Castela e León	22	117.722	24	130.398	2	12.676
Cataluña	95	407.526	95	483.313	0	75.787
C. Valenciana	64	299.875	64	363.219	0	63.344
Estremadura	6	8.579	6	9.220	0	641
Galicia	22	98.811	21	109.169	-1	10.358
A Coruña	17	38.200	17	40.636	0	2.436
Lugo	7	5.727	8	6.671	1	944
Ourense	8	4.788	7	5.389	-1	601
Pontevedra	17	50.096	16	56.473	-1	6.377
Madrid	93	345.760	93	387.751	0	41.991
Murcia	45	265.567	45	325.383	0	59.816
Navarra	22	65.055	21	81.243	-1	16.188
País Vasco	43	107.220	42	122.469	-1	15.249
A Rioxa	10	16.566	10	22.286	0	5.720
Total	609	2.232.649		2.662.170	-609	429.521

(1) ETTs con autorización a 31 de decembro de cada ano segundo C.A. de ubicación dos seus centros de traballo
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas de trabajo temporal*

2.1.28.

Poboación inactiva en Galicia e España 2008-14 (1): distribución segundo sexo e clase de inactividade

	Galicia							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2014/08
			(en miles de persoas)					(%)
Total	1.086,3	1.087,5	1.102,5	1.086,9	1.077,5	1.091,4	1.094,7	0,8
Homes	422,8	438,2	447,2	448,6	447,5	458,0	465,3	10,1
Mulleres	663,5	649,2	655,2	638,4	630,0	633,3	629,5	-5,1
Estudiante	147,9	144,4	153,3	150,6	141,7	133,9	135,9	-8,1
Homes	65,5	68,0	71,9	70,1	69,8	66,3	67,8	3,5
Mulleres	82,4	76,4	81,3	80,4	71,9	67,6	68,2	-17,2
Xubilado	468,4	474,6	480,8	488,4	492,8	499,2	508,2	8,5
Homes	263,3	271,1	276,8	280,1	280,7	286,1	291,5	10,7
Mulleres	205,2	203,5	204,0	208,3	212,0	213,1	216,7	5,6
Labores do fogar	240,0	230,7	235,8	217,8	216,8	223,8	217,7	-9,3
Homes	21,6	21,7	25,1	25,8	25,1	32,6	32,7	51,4
Mulleres	218,4	208,9	210,6	192,0	191,7	191,2	185,1	-15,2
Incapacidade permanente	111,8	114,3	112,0	91,9	94,2	102,0	93,9	-16,0
Homes	50,8	53,6	55,4	45,8	46,0	50,1	49,2	-3,1
Mulleres	61,0	60,7	56,6	46,1	48,2	51,9	44,7	-26,7
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	97,6	104,6	105,6	118,4	112,3	113,7	121,6	24,6
Homes	8,6	9,8	7,1	14,5	12,6	10,8	12,5	45,3
Mulleres	89,0	94,7	98,5	103,8	99,6	102,9	109,1	22,6
Outra	20,5	18,9	15,1	19,9	19,7	18,7	17,3	-15,6
Homes	13,0	13,9	10,9	12,2	13,2	12,1	11,7	-10,0
Mulleres	7,5	5,0	4,2	7,7	6,5	6,6	5,7	-24,0

	España							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2014/08
				(en miles de persoas)				(%)
Total	15.324,6	15.390,5	15.395,5	15.408,2	15.371,3	15.448,5	15.560,0	1,5
Homes	5.747,8	5.953,5	6.056,5	6.174,1	6.246,4	6.339,6	6.415,3	11,6
Mulleres	9.576,7	9.437,1	9.339,0	9.234,2	9.124,9	9.108,8	9.144,7	-4,5
Estudiante	2.259,2	2.341,1	2.434,9	2.477,3	2.460,6	2.305,2	2.372,6	5,0
Homes	1.049,9	1.102,8	1.168,9	1.203,6	1.203,6	1.124,2	1.169,8	11,4
Mulleres	1.209,3	1.238,3	1.266,0	1.273,7	1.257,1	1.181,0	1.202,8	-0,5
Xubilado	5.181,3	5.253,9	5.384,5	5.541,6	5.590,4	5.754,9	5.885,7	13,6
Homes	3.503,7	3.566,6	3.622,9	3.702,3	3.737,6	3.820,7	3.859,5	10,2
Mulleres	1.677,6	1.687,3	1.761,6	1.839,3	1.852,9	1.934,2	2.026,2	20,8
Labores do fogar	4.606,3	4.404,1	4.246,0	4.054,0	3.946,6	3.972,9	3.939,5	-14,5
Homes	285,6	324,8	330,3	327,8	352,3	417,0	424,2	48,5
Mulleres	4.320,8	4.079,3	3.915,7	3.726,3	3.594,3	3.555,8	3.515,3	-18,6
Incapacidade permanente	1.099,8	1.179,4	1.175,1	1.159,9	1.188,2	1.284,5	1.272,9	15,7
Homes	472,9	521,6	520,4	506,3	533,0	582,7	583,9	23,5
Mulleres	627,0	657,8	654,7	653,7	655,3	701,8	689,0	9,9
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	1.796,6	1.835,0	1.803,3	1.798,3	1.817,8	1.764,0	1.751,5	-2,5
Homes	170,5	171,6	164,9	179,0	169,0	147,9	154,2	-9,6
Mulleres	1.626,0	1.663,4	1.638,4	1.619,3	1.648,7	1.616,0	1.597,2	-1,8
Outra	381,3	377,1	351,7	377,1	367,6	367,0	337,8	-11,4
Homes	265,2	266,2	249,0	255,2	250,9	247,1	223,7	-15,6
Mulleres	116,1	111,0	102,7	121,9	116,7	119,9	114,2	-1,6

(1) en medias anuais
Fonte: INE, *EPA*

2.1.29.

do número de contratos de posta a disposición en Galicia no total estatal foi do 4,1% fronte ao 4,4% do ano anterior.

Poboación inactiva

A poboación economicamente inactiva comprende a aquelas persoas que se ocupan do seu fogar; estudantes; xubilados ou prexubilados; persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e de prexubilación; persoas que realizan sen remuneración traballos sociais, actividades de tipo benéfico (excluídas as que son axudas familiares); incapacitados para traballar; e outras situacións: en xeral, persoas que, sen exercer actividade económica, reciben axuda pública ou privada, e todas aquelas non incluídas nas categorías anteriores.

En Galicia, o número de inactivos no ano 2014 era de 1.094.700 persoas, o 7% do total estatal. Corenta e seis de cada cen inactivos galegos son persoas cunha pensión de xubilación ou prexubilados (508.200 persoas), que representan o 8,6% do total do Estado. En segundo lugar en canto a número de persoas, están as dedicadas a "labores do fogar", con 217.700 persoas, maioritariamente mulleres (85%) (**cadro 2.1.29.**).

No ano 2014, tal como aconteceu no ano anterior, a poboación inactiva aumenta en 3.300 persoas, un 0,3% en relación ao ano anterior. Este aumento dáse exclusivamente nos homes (7.300 inactivos máis), fronte ao descenso en 3.800 das mulleres en situación de inactividade.

Dentro das causas de inactividade, baixou o número de persoas dedicas ás labores do fogar, das persoas incapacitadas permanentes, e do grupo de outras situacións. Por contra, increméntase o número de estudantes (2.000 máis), xubilados (9.000 máis) e perceptores de pensións distintas á de xubilación (7.900 máis). ❑

2.2.- Relacións laborais e formación

O longo do presente capítulo analízanse os datos referidos á evolución das relacións laborais, a seguridade e saúde no traballo e as políticas de formación para o emprego en Galicia ao longo do ano 2014.

Relacións laborais

As relacións laborais no ano 2014 seguen directamente determinadas pola aplicación da reforma laboral e do emprego aprobada no ano 2012, e limitadas polos obxectivos e as políticas de estabilidade orzamentaria consecuencia da crise económica.

Os dous indicadores fundamentais da evolución das relacións laborais son os relativos á negociación colectiva e á conflitividade laboral, destacando novamente no ano 2014, o descenso do número de procedementos de regulación de emprego e dos traballadores afectados polos mesmos, así como a redución dos traballadores afectados polas folgas e das xornadas non traballadas.

• Negociación colectiva

O número de convenios colectivos –vixentes ou prorrogados tacitamente– existentes en Galicia a 31 de decembro de 2014 ascendeu ata os 869, nove máis que no ano anterior, que afectan a 425.035 persoas. O 89,1% destes acordos laborais (774 convenios) corresponde a convenios de empresa.

Os convenios colectivos asinados no último ano ascenderon a 144 e afectaron a un total de 49.218 traballadores, case dous centos mil menos que no ano 2013. Asemade, revisáronse un total de 15 convenios colectivos que afectan a 3.054 persoas traballadoras (6.287 persoas no ano anterior) (**cadro 2.2.2.**).

En 2014 negociáronse por primeira vez un total de 35 convenios, todos eles convenios de empresa, dos que 16 foron asinados na provincia de A Coruña e 11 en Pontevedra. En Lugo e Ourense asináronse cinco e un

Convenios colectivos existentes 2013-14 (1)

2013

	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	860	63	285	101	88	323
Sector	122	17	30	23	20	32
Empresa	738	46	255	78	68	291

2014

	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	869	65	302	106	89	334
Sector	122	17	30	23	20	32
Empresa	774	48	272	86	69	302

(1) convenios colectivos, vixentes ou prorrogados tacitamente, a 31 de decembro de cada ano; no total inclúense tamén acordos reguladores

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.2.1.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2013-14

2013

	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores
Total	231	249.557	195	242.672	13	6.287	23	598
Sector	44	230.964	41	225.282	3	5.682	-	-
Empresa	187	18.593	154	17.390	10	605	23	598

2014

	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores
Total	194	53.371	144	49.218	15	3.054	35	1.099
Sector	18	40.744	15	39.488	3	1.256	-	-
Empresa	176	12.627	129	9.730	12	1.798	35	1.099

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.2.2.

convenios, tendo outros dous un ámbito de aplicación autonómico ou interprovincial. Xunto ao incremento no número total de convenios negociados por primeira vez, aumenta tamén o número de traballadores afectados ata as 1.099 persoas traballadoras, 501 máis que no ano anterior.

O 80% dos convenios de sector asinados en 2014 recollen "pacto de ultraactividade" e nos convenios de empresa, a porcentaxe que o recollen é do 71,3%.

O 7,5% dos convenios colectivos existentes no último ano teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial. Nos convenios de sector existentes en 2014 con vixencia expresa en 2014, a provincia de Pontevedra é a que concentra o maior número, con 32 (o 26,2%), seguida pola provincia de A Coruña, co 24,6% dos convenios existentes en Galicia no ano 2014 (30 convenios de sector).

Os 18 convenios de sector asinados e revisados afectaron en 2014 a 40.744 persoas traballadoras, o que significa que o 9,3% dos convenios afectan ao 76,6% dos traballadores. Os 176 convenios de empresa afectan ao 23,6% dos traballadores.

O incremento salarial medio pactado nos

Xornada media pactada na negociación colectiva 2013-14: distribución segundo sector económico

	2013	2014
	(en horas / ano)	
Total	1.767,50	1.766,60
Agricultura e pesca (1)		
Industria	1.769,47	1.750,61
Construción	1.736,52	1.752,60
Servizos	1.787,85	1.798,70

(1) non se asinaron convenios neste sector

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.2.3.

159 convenios asinados ou revisados en 2014 –calculado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenios e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano– foi do 0,52%, o máis baixo do que se ten rexistro no Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL). Este incremento é superior ao IPC galego e ao estatal, que foron do –1%.

O CGRL reflicte que o 11,8% dos convenios asinados e o 40% dos revisados teñen cláusulas de revisión salarial. Tendo en conta o número de persoas traballadoras ás que afectan estas cláusulas, as porcentaxes son do 16,5% nos convenios asinados e do 51,7% nos revisados.

A xornada media pactada en Galicia –tense en conta só os convenios que a regulan de xeito anual– descende ata as 1.766,64 horas/ano, o que supón unha redución de unha hora/ano en relación ao ano anterior. Como ven acontecendo en anos anteriores, a xornada en convenios de empresa é máis reducida que nos de sectores (1.730,7 horas fronte a 1.775,9 horas, respectivamente). A nivel sectorial, o **cadro 2.2.3.** indica que no sector agrario non se asinaron convenios no ano 2014, situándose novamente o sector servizos como o sector con maior xornada media pactada, con 1.798,7 horas, por diante da construción e a industria, con 1.752,6 e 1.750,6 horas, respectivamente.

Comparada co resto das Comunidades Autónomas, os datos do Ministerio de Empleo y Seguridad Social reflicten que Galicia se sitúa como a xxxx comunidade con maior xornada media por traballador no ano 2014, tras Canarias (xxx horas), Murcia (xxx horas), Ceuta e Melilla (xxx horas) e Estremadura (xxx horas) (**cadro 2.2.4.**).

Un último aspecto a ter en conta á hora de analizar os convenios colectivos é a súa inaplicación. Segundo os datos do CGRL no ano 2014 rexistráronse un total de 194 inaplicacións que afectaron a 2.771 traballadores, dos que no sector servizos rexistráronse 148 e 33 na industria, afectando a 2.084 traballadores e 617 traballadores, respectivamente. Como amosa o **cadro 2.2.5.**, máis da metade das inaplicacións de convenios rexistradas prodúcense nas empresas de cinco ou menos traballadores e un 36% en empresas de seis a trinta traballadores.

No concernente á regulación de emprego, despois do forte incremento experimentado nos anos 2011 e 2012 no número de traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego, o ano 2013 mostraba unha importante redución, manténdose a tendencia no ano 2014, no que o número de traballadores afectados polos ditos expe-

Xornada media pactada por traballador nas CC.AA. 2012-13 (1): distribución segundo sector

	2012				2013			
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
	(en horas / ano)							
Andalucía	1.771,4	1.756,9	1.738,1	1.784,7	1.754,1	1.753,6	1.738,1	1.758,2
Asturias	1.762,8	1.733,9	1.725,9	1.781,3	1.763,5	1.738,2	1.738,0	1.784,1
Canarias	1.800,3	1.775,2	1.738,2	1.803,8	1.794,9	1.767,1	1.776,0	1.797,7
Castela-A Mancha	1.768,3	1.765,5	1.738,0	1.780,6	1.766,6	1.764,4	1.738,0	1.777,6
Cataluña	1.748,5	1.748,7	1.738,1	1.747,9	1.748,3	1.757,9	1.751,5	1.745,5
Estremadura	1.769,2	1.743,0	-	1.777,4	1.776,6	1.772,2	-	1.795,5
Galicia	1.773,3	1.753,0	1.736,1	1.802,6	1.776,3	1.762,1	1.736,6	1.799,6
Madrid	1.760,0	1.759,6	1.738,0	1.764,5	1.773,8	1.762,9	1.737,7	1.788,0
Navarra	1.706,3	1.700,5	1.727,9	1.705,2	1.712,2	1.702,0	1.728,0	1.708,6
A Rioxa	1.746,0	1.740,0	1.738,0	1.769,6	1.763,6	1.736,1	1.738,6	1.777,3
Total	1.737,3	1.753,1	1.736,5	1.729,0	1.728,3	1.754,8	1.737,6	1.714,7

(1) convenios con inicio de efectos económicos en cada ano correspondente; o desglose xeográfico realizouse tendo en conta a localización da autoridade laboral donde se rexistrou o convenio; os datos son provisionais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

2.2.4.

Inaplicacións de convenios rexistradas en 2014 (1)

	Total		C.A. / Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.
Total	194	2.771	7	586	89	1.003	12	182	17	142	69	858
sectores												
agricultura	-	-										
industria	33	617			14	201	2	19	1	20	16	377
construción	13	70			6	20			1	31	6	19
servizos	148	2.084	7	586	69	782	10	163	15	91	47	462
número de traballadores												
0-5	99				45		8		11		35	
6-30	70				36		2		4		28	
31-49	13		4		5				2		2	
50-100	9		2		2		2				3	
101-250	2				1						1	
251-500	1		1									
máis de 500	-											

(1) estas inaplicacións corresponden tan só a aqueles convenios de ámbito de comunidade autónoma ou provincial

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

2.2.5.

Traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego autorizados nas CC.AA. 2013-14

	Total		Despidos colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014	2013	2014
Andalucía	26.107	14.032	7.025	3.396	10.330	5.047	8.752	5.589
Aragón	24.730	8.230	2.554	1.603	19.833	5.638	2.343	989
Asturias	19.194	6.984	2.566	722	13.816	5.037	2.812	1.225
Baleares	3.286	1.681	913	444	1.245	910	1.128	327
Canarias	8.583	2.650	2.227	1.009	4.247	1.184	2.109	457
Cantabria	10.908	3.503	1.219	237	7.987	2.671	1.702	595
Castela-A Mancha	10.901	4.315	1.978	876	5.785	1.997	3.138	1.442
Castela e León	30.104	14.847	3.642	1.529	21.471	11.067	4.991	2.251
Cataluña	68.287	23.975	12.847	6.294	44.792	13.613	10.648	4.068
C. Valenciana	36.838	18.047	5.631	2.685	22.063	11.880	9.144	3.482
Estremadura	4.722	1.681	992	541	1.352	513	2.378	627
Galicia	22.960	12.877	3.452	1.499	13.760	8.878	5.748	2.500
Madrid	50.954	18.501	18.797	10.278	21.337	5.164	10.820	3.059
Murcia	3.776	1.375	1.117	406	1.224	410	1.435	559
Navarra	12.309	5.799	1.554	395	9.466	4.775	1.289	629
País Vasco	42.449	17.854	3.278	2.150	32.787	12.401	6.384	3.303
A Rioxa	3.679	1.441	487	194	2.597	994	595	253
Ceuta e Melilla	185	53	72	19	24	14	89	20
Total	379.972	157.845	70.351	34.277	234.116	92.193	75.505	31.375

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Estadística de regulación de empleo*

2.2.6.

Procedementos de regulación de emprego 2013-14 (1)

	Pactados			Non pactados			Sen período de consultas		
	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13
Galicia	1.742	891	-48,9	87	42	-51,7	88	51	-42,0
A Coruña	548	293	-46,5	34	16	-52,9	22	15	-31,8
Lugo	172	83	-51,7	5	5	0,0	-	3	-
Ourense	157	65	-58,6	4	3	-25,0	-	4	-
Pontevedra	828	437	-47,2	36	17	-52,8	66	29	-56,1
Autonómicos	37	13	-64,9	8	1	-87,5	-	-	-

(1) Pactados: aqueles expedientes nos que se acada un acordo no período de consultas entre empresa e a representación dos traballadores; Non pactados: aqueles nos que non se acada un acordo no período de consultas entre a empresa e a representación dos traballadores; Sen período de consultas: aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar, *Estatísticas de expedientes de regulación de emprego*

2.2.7.

dientes foi de 12.877, un 43,9% menos que no ano 2013. Do total de traballadores afectados, 8.878 (o 69%) sufriron unha suspensión do emprego e 2.500 traballadores (o 19,4%), unha redución de xornada (**cadro 2.2.6.**).

Os datos facilitados pola Consellería de Traballo e Benestar indican que o número de expedientes de regulación de emprego no ano 2014 descendeu en Galicia un 49% respecto ao ano anterior, acadando os 984 procedementos de regulación de emprego, 933 menos que en 2013. No último ano descende o número de expedientes pactados e non pactados, así como os procedementos sen período de consultas, que son aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

A provincia de Pontevedra, a pesar do descenso do 48%, foi a que presentou o maior número de expedientes, con 483, seguida de A Coruña con 324 (46% menos que no ano anterior). Todas as provincias presentan unha diminución do número de procede-

Folgas nas CC.AA. 2013-14: traballadores participantes e xornadas non traballadas (1)

	2013		2014	
	traballadores participantes	xornadas non traballadas	traballadores participantes	xornadas non traballadas
Andalucía	17.333	44.479	27.163	52.793
Aragón	17.541	46.450	7.636	12.090
Asturias	16.136	22.982	4.671	17.689
Baleares	6.431	49.978	2.749	4.035
Canarias	3.745	9.852	2.598	8.799
Cantabria	7.175	9.311	961	2.378
Castela-A Mancha	6.675	6.881	3.386	2.854
Castela e León	15.026	11.040	5.228	7.854
Cataluña	159.944	350.767	73.747	271.679
C. Valenciana	20.388	30.110	17.747	25.905
Estremadura	4.852	5.625	1.593	2.520
Galicia	44.415	67.065	24.653	50.688
Madrid	61.326	228.583	23.907	84.182
Murcia	5.172	25.056	2.020	9.526
Navarra	24.262	48.753	2.977	12.269
País Vasco	36.782	139.472	15.375	54.655
A Rioxa	608	1.911	358	376
Ceuta e Melilla	213	165	278	276
Total	448.024	1.098.480	217.047	620.568

(1) O total de folgas non coincide coa suma das CC.AA. Porque a cada provincia se lle asigna, ademais das folgas do seu propio ámbito territorial, as folgas de ámbito autonómico e estatal.
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Estadística de huelgas y cierres patronales*

2.2.8.

mentos de regulación do emprego (**cadro 2.2.7.**).

• Conflitividade laboral

Os datos proporcionados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social recollen o brusco descenso no número de traballadores participantes nas folgas e das xornadas non traballadas. En concreto, reduciuse á metade o número total de participantes e caeu case un 25% o número de xornadas non traballadas. No conxunto do Estado o número de traballadores afectados tamén se reduciu á metade e as xornadas non traballadas baixaron nun 44% (**cadro 2.2.8.**).

O número de traballadores participantes en folgas situouse na Comunidade Autónoma nas 24.653 persoas e o das xornadas non traballadas, nas 50.688. Por Comunidades Autónomas, Galicia é a terceira Comunidade cunha maior incidencia de traballadores participantes, tras Cataluña e Andalucía, e a quinta no cómputo de xornadas non traballadas superada por Cataluña, Madrid, o País Vasco e Andalucía.

Seguridade e saúde no traballo

Tal como se desprende de distintos estudos no ámbito europeo, que analizan os efectos da crise económica e o seu impacto nas condicións laborais, a diminución da actividade económica e a perda de emprego asociada, así como o mantemento do emprego das persoas máis experimentadas, están directamente relacionados coa diminución dos accidentes laborais.

No ano 2014 en Galicia, rómpese a tendencia de diminución na incidencia dos accidentes laborais, iniciada no ano 2008, situándose o número total de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral nos 23.220 accidentes, un 3,8% máis que no ano anterior.

Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2013-14: distribución segundo a gravidade e sector económico

	Totais			Leves			Graves			Mortais		
	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)
Total	22.370	23.220	3,8	21.904	22.731	3,8	418	430	2,9	48	59	22,9
A Coruña	10.042	10.807	7,6	9.843	10.608	7,8	182	175	-3,8	17	24	41,2
Lugo	2.372	2.641	11,3	2.295	2.550	11,1	69	82	18,8	8	9	12,5
Ourense	2.451	2.524	3,0	2.398	2.478	3,3	47	42	-10,6	6	4	-33,3
Pontevedra	7.505	7.248	-3,4	7.368	7.095	-3,7	120	131	9,2	17	22	29,4
Sectores												
Agricultura	1.214	1.211	-0,2	1.142	1.145	0,3	68	62	-8,8	4	4	0,0
Pesca	1.133	1.197	5,6	1.068	1.122	5,1	58	55	-5,2	7	20	185,7
Industria	6.391	6.381	-0,2	6.297	6.289	-0,1	88	82	-6,8	6	10	66,7
Construción	2.784	2.943	5,7	2.717	2.850	4,9	57	84	47,4	10	9	-10,0
Servizos	10.844	11.482	5,9	10.677	11.320	6,0	147	146	-0,7	20	16	-20,0
Outros CNAE93	4	6	50,0	3	5	66,7	-	1	100,0	1	-	-100,0

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística de siniestralidade laboral*

2.2.9.

A provincia de Pontevedra é a única onde descende o número total de accidentes, cun 3,4% menos que no ano 2013, o que supón 257 accidentes con baixa en xornada de traballo menos que os rexistrados no ano anterior. As tres provincias restantes incrementan o número de accidentes. Así, a provincia de A Coruña, con 10.807 accidentes con baixa laboral, é a que rexistra un maior número de accidentes no ano 2014, un 7,6% máis que no ano anterior, Lugo acada os 2.641 accidentes, un 11,3% máis e Ourense 2.524 accidentes, un 3% máis que en 2013.

O incremento no número de accidentes rexistrouse tanto no caso dos accidentes leves e graves, como nos mortais. Neste senso, os accidentes leves aumentaron en Galicia un 3,8%, os graves fixérono nun 2,9% e os accidentes mortais creceron un 23%.

O incremento no número de persoas que no ano 2014 sufriron un accidente laboral con resultado de morte débese, fundamentalmente, aos accidentes sufridos no sector pesqueiro. Neste sector de actividade producíronse no 2014 cinco accidentes –dous por afogamentos e sepultamentos e tres por choques ou golpes contra obxectos en movemento–, que tiveron como consecuencia 20 persoas falecidas, 13 máis que no exercicio anterior.

A distribución do número de accidentes e a súa gravidade por sectores foi dispar. O sector servizos segue sendo o que experimenta o maior número de accidentes laborais con baixa, con 11.482 accidentes (o 49,4% dos accidentes con baixa en xornada de traballo en Galicia), seguido polo sector industrial, que rexistrou 6.381 accidentes (o 27,5%), e a construción, con 2.943 accidentes (o 12,7% dos accidentes en Galicia).

A moderada recuperación da actividade económica parece ter unha consecuencia directa no incremento nos accidentes laborais. Así, os datos do **cadro 2.2.9.** reflicten un aumento do número total de accidentes en todos os sectores económicos, agás na agricultura e na industria. O sector servizos é o que experimenta un maior aumento, un 5,9% de accidentes máis que no ano anterior (638 accidentes máis), seguido da construción e da pesca con máis do 5,5% de incremento no número de accidentes (159 e 64 accidentes máis respectivamente).

Os accidentes leves no ano 2014 aumentaron ata os 22.731, dos que o 49,8% acontecen no sector servizos. O único sector no que se reducen os accidentes leves no ano 2014 foi na industria, cun 0,1% menos (8 accidentes menos).

Índices de incidencia dos accidentes de traballo nas CC.AA. 2013-14 (1)

	Accidentes con baixa		Accidentes mortais	
	2013	2014 (2)	2013	2014 (2)
Andalucía	3.359	3.425	3,1	3,6
Aragón	2.695	2.713	4,4	3,2
Asturias	3.522	3.647	7,7	4,9
Baleares	4.070	4.331	1,2	0,6
Canarias	3.416	3.574	4,2	3,8
Cantabria	2.658	2.818	3,1	4,9
Castela-A Mancha	3.525	3.655	5,1	3,0
Castela e León	2.783	2.922	6,1	4,7
Cataluña	2.992	2.987	2,1	2,1
C. Valenciana	2.723	2.709	2,5	3,1
Estremadura	3.084	3.387	4,6	5,3
Galicia	2.957	3.002	5,7	7,6
Madrid	2.575	2.569	2,3	2,0
Murcia	2.973	3.078	4,3	3,7
Navarra	2.877	3.051	4,8	5,7
País Vasco	3.244	3.174	3,6	3,2
A Rioxa	2.968	3.040	2,2	9,6
Ceuta	2.936	3.442	-	5,8
Melilla	2.920	2.934	-	-
Total	3.009	3.058	3,3	3,3

(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

Índice de incidencia accidentes mortais: accidentes mortais x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

(2) datos 2014 son provisionais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

2.2.10.

No que atinxe aos accidentes graves, no último ano rexistráronse 430 accidentes, 12 máis que en 2013, dos que máis do 34% acontecen no sector servizos. En todos os sectores, agás na construción, diminúe o número de accidentados graves. Na construción aumentan nun 47,4%, o que supón que o ano 2014 sofren un accidente grave no sector 27 persoas máis que no ano anterior.

Como se cita con anterioridade, resulta moi significativo o forte incremento no número de accidentados con resultado de morte, en especial no sector pesqueiro, que pasa de 7 a 20 falecidos entre os anos 2013 e 2014. Tamén se incrementan no sector industrial, con 10 falecidos no ano 2014 (6 no ano anterior). A construción e os servizos reducen nun 10% e 20%, respectivamente, o número de persoas que sofren un accidente con este resultado.

O índice de incidencia da sinistralidade laboral, que relaciona o número total de accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, acadou en Galicia os 3.002 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, cifra lixeiramente inferior á media estatal. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, o **cadro 2.2.10.** reflicte que Galicia, tras un aumento do 1,5% no número de accidentes con baixa laboral, situase como a sétima Comunidade co menor índice, por diante de Aragón, Cantabria, Castela e León, Cataluña, C. Valenciana e Madrid.

Segundo os datos do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, no ano 2014, A Coruña pasa a ser a provincia co índice de incidencia de accidentes máis elevado, con 3.306,6 accidentes por cada cen mil afiliacións, fronte 3.273,2 accidentes de Ourense e os 2.882,1 e 2.804,4 accidentes por cada cen mil afiliacións en Lugo e Pontevedra, respectivamente.

Índices de incidencia dos accidentes de traballo con baixa 2013-14: distribución segundo sector

2013

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	2.972,9	3.082,7	2.588,9	3.176,4	2.909,7
Agricultura	3.465,5	3.709,4	3.128,6	3.601,4	3.534,6
Pesca	5.739,3	9.612,9	8.083,3	-	3.771,1
Industria	5.282,3	5.292,1	3.769,1	6.120,8	5.383,8
Construción	5.625,0	5.661,7	5.166,4	6.398,9	5.435,1
Servizos	2.057,4	2.203,8	1.869,5	2.075,2	1.919,2

2014

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	3.079,5	3.306,6	2.882,1	3.273,2	2.804,4
Agricultura	3.545,4	3.659,2	3.532,5	3.709,0	3.243,2
Pesca	6.212,1	10.847,8	6.328,3	-	4.172,7
Industria	5.377,6	5.680,1	4.307,2	5.951,5	5.171,3
Construción	6.056,6	6.389,6	6.476,0	7.639,8	4.669,2
Servizos	2.153,6	2.365,8	2.072,9	2.130,9	1.902,1

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística de siniestralidade laboral*

2.2.11.

O índice de incidencia dos accidentes de traballo aumenta en todos os sectores de actividade en Galicia, máis as especiais circunstancias acaecidas no sector da pesca no ano 2014 provocan que sexa o sector pesqueiro o que reflicte un maior índice de incidencia, con 6.212,1 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta. No último ano a construción tamén aumenta o seu índice, acadando 6.056,6 accidentes por cada cen mil afiliacións, e a industria acada os 5.377,6. Os índices máis baixos rexistráronse nos servizos e na agricultura, con 2.153,6 e 3.545,4 accidentes.

No caso dos accidentes mortais, Galicia rexistrou un total de 7,6 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta. Galicia, despois de forte incremento experimentado (5,7 accidentes en 2013), presenta o segundo índice máis elevado, por detrás A Rioxa (9,6), sendo a rateo acadada no conxunto do Estado de 3,3 accidentes.

No que respecta ás baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns e profesionais, os **cadros 2.2.12.** e **2.2.13.** mostran como o número medio de procesos iniciados no ano 2014 é superior aos iniciados no ano anterior tanto no caso de baixas por continxencias profesionais, como no de continxencias comúns. Así mesmo, aumenta a incidencia media por cada mil traballadores protexidos en continxencias profesionais e comúns.

A duración media das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns pasa de 57,44 días no ano 2013 a 58,48 días no último ano. Tras este aumento, Galicia se sitúa como a segunda Comunidade Autónoma coa maior duración media dos procesos con alta no período, tras Estremadura. No conxunto do Estado a duración media das nomeadas baixas é de 37,51 días, en torno aos vinte e un días menos que en Galicia.

De xeito contrario, diminúe a duración media das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais, pasando de 46,42 días no ano 2013 a 45,60 días en 2014. Galicia continúa como a Comunidade Autónoma con dura-

Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal nas CC.AA. 2013-14: continxencias comúns

	Duración media dos procesos con alta		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio mensual de procesos iniciados	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
	(en días / ano)		(%)			
Andalucía	40,66	42,01	14,90	14,97	35.350	35.591
Aragón	33,36	35,80	18,56	19,72	7.878	8.348
Asturias	47,03	50,21	15,61	16,05	4.616	4.644
Baleares	31,48	34,21	19,43	19,63	6.793	6.957
Canarias	34,01	37,52	19,88	20,28	12.029	12.351
Cantabria	42,23	42,85	17,82	19,39	3.042	3.268
Castela-A Mancha	45,12	44,54	13,87	15,39	7.172	7.779
Castela e León	43,95	45,31	14,06	14,62	9.813	10.029
Cataluña	28,86	29,62	24,19	25,02	61.575	63.707
C. Valenciana	48,83	50,45	12,93	13,00	17.423	17.552
Estremadura	57,62	58,91	10,13	10,70	3.096	3.253
Galicia	57,44	58,48	13,78	14,27	10.807	10.977
A Coruña	54,38	56,61	14,43	14,81	4.917	4.969
Lugo	66,74	67,00	11,30	12,02	984	1.028
Ourense	53,89	57,16	12,98	13,48	1.024	1.041
Pontevedra	59,90	58,99	13,99	14,53	3.882	3.938
Madrid	29,44	31,96	19,96	20,32	49.406	50.161
Murcia	46,32	47,55	16,22	16,31	6.924	6.995
Navarra	24,25	24,15	31,31	33,58	6.833	7.243
País Vasco	34,77	35,79	22,89	23,89	17.247	17.835
A Rioxa	33,88	33,14	17,74	19,07	1.725	1.852
Ceuta	35,07	44,26	15,48	15,39	280	278
Melilla	30,86	35,25	19,26	19,37	338	338
Total	36,06	37,51	18,19	18,72	262.345	269.158

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social, *Incapacidad temporal*

2.2.12.

Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal nas CC.AA. 2013-14: continxencias profesionais

	Duración media dos procesos con alta		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio mensual de procesos iniciados	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
	(en días / ano)		(%)			
Andalucía	32,62	33,18	3,38	3,53	6.870	7.384
Aragón	37,19	38,38	2,79	2,85	1.161	1.200
Asturias	43,00	43,94	3,44	3,60	990	1.033
Baleares	29,21	30,66	4,10	4,43	1.368	1.520
Canarias	32,80	33,12	3,39	3,57	1.959	2.116
Cantabria	40,90	45,36	2,73	2,95	445	485
Castela-A Mancha	34,72	34,24	3,38	3,56	1.676	1.788
Castela e León	38,76	38,56	2,74	2,91	1.873	2.004
Cataluña	32,89	33,37	3,15	3,31	7.640	8.146
C. Valenciana	38,43	38,44	2,74	2,77	3.542	3.668
Estremadura	37,49	38,66	2,96	3,25	775	868
Galicia	46,42	45,60	3,03	3,21	2.321	2.458
A Coruña	45,70	45,55	3,03	3,18	1.015	1.070
Lugo	58,58	57,30	2,56	2,72	240	254
Ourense	41,43	44,37	3,04	3,14	238	244
Pontevedra	45,19	42,72	3,20	3,45	828	890
Madrid	29,76	30,06	2,60	2,66	6.314	6.542
Murcia	35,21	35,07	3,01	3,11	1.212	1.290
Navarra	30,21	32,61	3,10	3,24	645	680
País Vasco	32,19	32,66	3,39	3,43	2.503	2.542
A Rioxa	35,81	34,51	2,99	3,17	290	314
Ceuta	40,58	40,94	3,03	3,50	53	61
Melilla	38,11	32,43	3,11	3,33	52	56
Total	34,36	34,75	3,06	3,18	41.690	44.155

Fonte: *Secretaría de Estado de la Seguridad Social*

2.2.13.

Enfermidades profesionais 2014: distribución segundo sexo e sectores de actividade (1)

Homes

	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Total	9	22	325	79	119
Grupo I	-	-	10	6	7
Grupo II	6	20	231	56	91
Grupo III	1	-	2	-	11
Grupo IV	1	1	72	10	3
Grupo V	-	1	10	6	7
Grupo VI	1	-	-	1	-

Mulleres

	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Total	6	1	174	2	387
Grupo I	-	-	2	-	5
Grupo II	2	1	158	2	275
Grupo III	-	-	2	-	52
Grupo IV	3	-	10	-	5
Grupo V	1	-	2	-	50
Grupo VI	-	-	-	-	-

(1) Grupo I: Enfermidade profesionais causadas por axentes químicos
Grupo II: Enfermidade profesionais causadas por axentes físicos
Grupo III: Enfermidade profesionais causadas por axentes biolóxicos
Grupo IV: Enfermidade profesionais causadas por inhalación de sustancias e axentes non comprendidos noutros apartados
Grupo V: Enfermidade profesionais da pel causadas por sustancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados
Grupo VI: Enfermidade profesionais causadas por axentes carcinóxenos
Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística das enfermidades profesionais*

2.2.14.

ción media dos procesos con alta no período máis elevada, superando á media estatal en 10,8 días.

O sistema español atende ás **enfermidades profesionais** dende 3 puntos de vista normativos e institucionais distintos: a normativa de prevención de riscos laborais, en canto ao coidado e prevención; a normativa sanitaria, en canto ao diagnóstico, asistencia e tratamento; e a normativa da seguridade social en canto á indemnización ou protección económica. Este último punto de vista é o que proporciona a definición legal de enfermidade profesional, considerada como a contraída a consecuencia do traballo executado por conta allea nas actividades que se especifiquen no cadro que se aprobe polas disposicións de aplicación e que veña provocada pola acción dos elementos ou substancias que en dito cadro se indiquen para cada enfermidade profesional.

O **cadro 2.2.14.** mostra as enfermidades profesionais por grupos e sectores de actividade no ano 2014 en Galicia. Así, dun total de 1.124 casos rexistrados, 588 cursaron baixa laboral, sendo o sector servizos, con 506, seguido do sector industrial, con 499, as ramas de actividade onde máis casos se rexistran.

Políticas de formación para o emprego

Avaseru

PENDENTE RECIBIR DATOS.

Data prevista: FINAIS DE MAIO 2015.

. ❑